



1º Premio Poesía “Ven veñas maio 2011”

Andrea Ucha Bouzada, 1º D Bacharelato

MEZZO PIANO

Estoy a intentar simplificar mentres escribo, busco unha linguaxe universal.

Cariño, quéroche. E quédaseme curto.

Ao teu carón, non me quedan grandes os zapatos de tacón.

Traduce este bico.

Rompamos o reloxo e toda noción angustiosa.

Un día poñerei as tres sílabas no piano máis doce e sostido,
ou no saxo soprano máis seguro de si mesmo...

Que che quede o seu rozamento nos oídos...

Quero dicirche: cariño, adórote. E quédaseme curto.

Como adoro que me trences o pelo nalgún que outro bico,

Que o fagas seda...

Bauticemos a noite, esta vez faremos música entre as estrelas.

E é que me conformo con ser o teu azucre e a túa salsa.

E é que hai cousas inesquecibles, e esta é unha delas...

Lancemos dardos aos farois, apaguemos a cidade...

Un quinteto de grilos e o foco da Lúa.

Séntome ben, quéroche.

Síntame ben querete.

Crescendo, case maduro, a tempo.

Ogalla che regalase a mellor canción este inverno...

Eu pídoche un swing na rúa, ou un lapis co teu perfume;

E escribierei con el cada último verso.

Sen depender de rimas exactas ou de estrofas medias.

Porque eu non son costureira. Só intento ser unha poeta crecida...

Pero sinto que me quedo polo camiño.

Artista frustrada por non encontrar as cores dos teus ollos.

Inspírame outro anaco máis. Préstame o teu aroma.

A túa aurora...

Cariño, es tan especial para mín. E quédaseme curto.

Ao igual que estas letras. Cariño, perdoa.